

Os espazos de traballo en eTwinning



Dende que un docente entra en contacto por primeira vez con eTwinning ata que conclúa un proxecto, pasa por unha serie de fases que ten distintas funcionalidades e niveis de privacidade.

Tres son os niveis ou plataformas polas que pasa:

- A Plataforma Europea de Educación Escolar / European School Education Platform, (ESEP) e o portal de eTwinning español (eTwinning.es): son públicos.
- A pestana eTwinning dentro da European School Education Platform, unha vez iniciaches sesión como profesor: é o escritorio online do docente e o acceso é restrinxido (só para docentes).
- TwinSpace, a aula online: acceso restrinxido (só para os participantes nun proxecto, como docentes, alumnado ou outros axentes).

Se facemos unha analogía cun centro escolar, estes niveis corresponderíanse co edificio público, a sala de profesores e a aula de traballo cos alumnos, respectivamente.



O edificio público: A Plataforma Europea de Educación Escolar / European School Education Platform (ESEP) e o portal de eTwinning español (eTwinning.es).

O portal do Servizo Nacional de Apoio eTwinning español (<https://etwinning.es/>) y a Plataforma Europea de Educación Escolar (<https://school-education.ec.europa.eu/en>) ten tres obxectivos básicos: informar, asesorar e dar visibilidade. Neles publícanse noticias e novidades relacionadas con eTwinning, mantendo os usuarios ó día do que ocorre no programa. Tamén se ofrecen recursos, titoriais, guías, modelos de actividades, e ideas que poidan servir de orientación e axuda para os docentes que queiran iniciar un proxecto eTwinning ou esteán xa traballando nalgún, así como medios e ferramentas de comunicación co Servizo Nacional e o Servizo Central. Os portais amosan exemplos de boas prácticas, cunha selección de proxectos de calidade: proxectos con premio nacional,

premio europeo, selo de calidade, outros proxectos destacados... Así mesmo podes atopar entrevistas, blogs de interese educativo e vídeos son outros recursos que aparecen nos portais. Todos os contidos destes espazos serven para dar visibilidade ás boas prácticas e son unha fonte de inspiración e ideas para o profesorado.

Todo este contido é público, calquera que entre na web ten acceso ó mesmo.




A Sala de Profesores: o escritorio do docente, a pestana "eTwinning" dentro de ESEP.

Unha vez inscrito en eTwinning, o docente pode iniciar sesión en ESEP e ter acceso a un espazo virtual que é o **escritorio eTwinning** como tal, un espazo fundamental para relacionarse con outros usuarios e iniciar un traballo xuntos. Aquí podes xestionar o teu perfil e contactar con profesorado do resto de Europa a través das ferramentas que ofrece: buscador de socios, axenda de contactos, foro, mensaxería interna, ferramenta de videoconferencia, grupos eTwinning e buscador de proxectos.

Dende o escritorio eTwinning pódese:

- **Xestionar o perfil do docente:** modificar os datos empregados na inscrición en eTwinning, tanto os referentes ó usuario como ó seu centro de traballo.

- **Buscar socios:** trátase de atopar un ou máis docentes europeos que teñan un perfil afín coa idea de proxecto que se desexa iniciar ou con outro tipo de participación en eTwinning que o usuario queira levar a cabo.
- **Xestionar os proxectos:** acceder á contorna de traballo colaborativo TwinSpace, empregar as tarxetas de proxecto, engadir socios, cerrar o proxecto, outros.
- **Organizar e participar en eventos online.**
- **Crear e participar en Grupos eTwinning** (comunidades de docentes cun obxectivo común).
- **Participar en oportunidades de desenvolvemento profesional.**






A aula de traballo con alumnos: TwinSpace

Unha vez aprobado un proxecto, os profesores e alumnos participantes dispón dun espazo seguro de traballo (**TwinSpace**) onde levar a cabo todas as actividades. Trátase da aula de traballo virtual compartida por todos os membros do proxecto.

Alumnos e docentes son os principais usuarios do TwinSpace e o seu grao de participación dependerá do perfil de acceso que teña cada un (administrador, membro, etc.). Ademais deles, outros perfís poden tamén ser membros do TwinSpace, persoas con perfil de visitante (familias, axentes externos, etc.) que poden facer o seguimento do desenvolvemento do proxecto.

O **TwinSpace** é un espazo privado, ó que só poden acceder aquelas persoas que fosen dadas de alta polos administradores. Ofrece ferramentas de colaboración e de comunicación, tanto para docentes como para alumnos, foros, espazo para aloxar materiais e recursos, páxinas de actividades nas que os socios documentan o proceso de traballo, etc.



The screenshot shows the European School Education Platform interface. At the top, there's a navigation bar with links like 'Inicio', 'Más información', 'Perspectivas', 'Desarrollo', 'Recognition', 'Redes profesionales', 'eTwinning', and a search bar. Below the navigation is a banner for 'European School Education Platform' and 'eTwinning'. The main content area features a 'TwinSpace' section with a thumbnail of a piano and the title 'Mi primer proyecto - MEET'. Below this, there's a breadcrumb navigation: 'Inicio > eTwinning > Projects > TwinSpace'. The 'Resumen' (Summary) section has a 'Edit twinspace' button. The 'Boletín del docente' (Teacher Newsletter) section includes a 'Crear una publicación' (Create a publication) button and two news items: one from '20 Sep 2022' with a link to 'WEBSITE https://esthermarcianlmos.wixsite.com/musicaltheatre' and another from '20 Sep 2022' with the text 'STEPPING INTO THE WORLD OF MUSICAL THEATRE: We are one world,'.